

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXEN A CONTRATACIÓN COMO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL, POR PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, PARA A EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DO BAR-CAFETERÍA DO CENTRO SOCIAL DE MONDARIZ.

CLÁUSULA 1ª. OBXECTO E CUALIFICACIÓN

Será obxecto deste contrato é o servizo e explotación do bar-cafetería do Centro Social do Concello de Mondariz, sito na rúa Miguel Ángel Blanco nº 16, segundo as condicións específicas do presente Prego de Cláusulas Administrativas.

CLÁUSULA 2ª. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

2.1.- Este contrato de carácter administrativo especial rexerá polas cláusulas contidas no presente prego, que reviste carácter contractual, de obrigado cumprimento para os licitadores e posteriormente para o adxudicatario.

2.2.- A normativa patrimonial aplicable para o outorgamento da concesión obxecto deste Prego atópase nas seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 abril, reguladora das bases do réxime local.



Concello de Mondariz

- RD Legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo da Administración Local de Galicia.
- Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.
- Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público
- Real Decreto 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento de Contratación das Administracións Públicas.
- Real Decreto 817/2009 que desenrola parcialmente a LCSP.

2.3.- Ademais terán carácter contractual os seguintes documentos:

- A proposta presentada polo licitador seleccionado.
- O documento no que se formalice a concesión.

En caso de discordancia entre o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (de agora en diante PCAP) e calquera outro documento contractual prevalecerá o PCAP.

O contrato que se perfeccione será de natureza administrativa especial, segundo o disposto no artigo 19 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA 3ª. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

O contrato adxudicarase por PROCEDEMENTO ABERTO, de conformidade co disposto nos artigos 109.4, 150 e 157 a 161 do TRLCSP, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, de acordo co artigo 141 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá de atenderse a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 134.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e coa cláusula décimo sexta deste Prego.

CLÁUSULA 4ª. PRAZO E DURACIÓN DO CONTRATO



Concello de Mondariz

O prazo de duración da concesión administrativa será de 2 ANOS (2) que se contarán a partir do día da formalización escrita do documento de adxudicación, admitíndose unha prórroga por un período de 2 (2) máis, contados dende a data na que foron concedidas inicialmente.

As solicitudes de prórroga serán formuladas polos titulares cunha antelación mínima de TRES MESES (3) á finalización do prazo de vixencia da concesión.

O Concello de Mondariz pon a disposición do adxudicatario para a súa prestación o local que integra o bar-cafetería do Centro Social co mobiliario descrito no Anexo II. As instalacións e mobiliario serán postos a disposición do adxudicatario do contrato ao día seguinte da sinatura do correspondente contrato administrativo, feito este do que se levantará a correspondente acta.

O Concello reserva para si o dereito a deixar sen efecto o contrato antes do vencemento, si o xustificasen circunstancias sobrevidas de interese público, mediante o resarcimento dos danos que se causaren, se procedese.

A permanencia no uso privativo do dominio público, transcorrido o prazo do contrato, non conferirá dereito algún ao concesionario que ocupará o dominio público por mera tolerancia.

Ao extinguirse o contrato, independentemente da causa que a produza, o adxudicatario estará obrigado a entregar as instalacións ao concello no estado de conservación e funcionamento adecuados, acompañando unha relación de tódolos bens existentes que deban reverter á propiedade municipal.

CLÁUSULA 5ª. CANON

Os licitadores nas súas proposicións económicas ofertarán a alza, o importe do canon anual a satisfacer ao Concello, que en todo caso non poderá ser inferior a 4.500 € anuais. O canon adaptarase anualmente ás



variacións que se produzan no Índice de Prezos ao Consumo durante o ano anterior, segundo os datos oficiais que publique o Instituto Nacional de Estatística.

O prezo anterior non inclúe IVE imposto que non se fixará pola administración nas liquidacións que se practiquen na execución do contrato, por aplicación do art. 7.9 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

O canon anual ofrecido polo adxudicatario será satisfeito mensualmente dentro dos cinco primeiros días de cada mes, mediante ingreso na conta bancaria do Concello.

CLÁUSULA 6ª. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

O órgano de contratación que actúa en nome da Corporación é o Alcalde.

O mencionado órgano ten a facultade de adxudicar o correspondente contrato.

O Alcalde, como órgano de contratación, ostenta as prerrogativas de interpretar o presente contrato, resolver as dúbidas que ofrezca seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no Texto Refundido e no Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Os acordos que dite o órgano de contratación, previo informe do Servizo Xurídico, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución serán inmediatamente executivos.

O contrato que se celebre será administrativo e sometido por tanto a esta xurisdición. As cuestións que puidesen xurdir acerca do cumprimento ou incumprimento do mesmo serán resoltas previamente polo órgano municipal correspondente. De non conformarse o adxudicatario coa resolución que se adopte, ámbalas dúas partes sométense expresamente á



xurisdición dos Tribunais do lugar de prestación do servizo, para o cal adxudicatario renuncia expresamente ao foro do seu propio xuíz e domicilio.

No non previsto neste prego estarase ao que dispoñan o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, regulamentos de servizos de bens das entidades locais e demais disposicións citadas no presente prego.

CLÁUSULA 7ª. O PERFIL DO CONTRATANTE

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante na súa páxina web www.concellodemondariz.gal.

CLÁUSULA 8ª. GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA

7.1.- Provisional:

Para tomar parte na adxudicación non é preciso constituír garantía provisional polos licitadores.

7.2.- Definitiva:

A garantía definitiva será constituída polo adxudicatario en calquera das formas previstas no artigo 96 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no prazo dos quince días hábiles seguintes ao da data de recepción da notificación da adxudicación e fíxase en 500 euros. De non cumprirse este requisito por causas imputables ao adxudicatario, quedará resolto o contrato.

Esta garantía definitiva non será devolta ao contratista ata que se produza o vencemento do prazo da concesión e se cumpra satisfactoriamente o contrato ou se resolva este sen culpa do contratista.

CLÁUSULA 9ª. RETRIBUCIÓN DO CONTRATISTA



Concello de Mondariz

A retribución do contratista será o produto das tarifas a abonar polos usuarios, aprobadas polo Concello, para o cal o concesionario presentará anualmente unha proposta motivada de tarifas ou modificacións puntuais se a suba de prezos (xustificado) así o demandara. En todo caso, as tarifas deberán estar dentro dos límites mínimos e máximos establecidos pola Consellería de Industria e Comercio referidas ao sector da hostalería e en concreto para café-bar.

As tarifas serán aprobadas polo órgano de contratación, sempre respectando o límite mínimo establecido pola Consellería de Industria e Comercio.

CLÁUSULA 10ª. EXECUCIÓN DO CONTRATO

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do adxudicatario e este non terá dereito a indemnización por causa de avarías, perdas ou prexuízos ocasionados na explotación do servizo.

Tampouco terá dereito a indemnización por extinción do contrato ao cumprirse o prazo de vixencia da mesma ou calquera das súas prórrogas.

O contrato executarase con suxeición ás cláusulas contidas no presente prego e, no seu caso, ás especificacións técnicas unidas ao expediente, de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista a Administración.

CLÁUSULA 11ª. ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións para contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A **capacidade de obrar** dos empresarios acreditarase:



a) Dos empresarios que sexan **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) **Dos demais empresarios estranxeiros**, co informe da misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia** nalgunha das **prohibicións para contratar** do artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, poderá realizarse:

a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos. Cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de **empresas de Estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade estea prevista na lexislación do



Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**:

Visto o artigo 11.5 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas: “ Salvo que nos pregos do contrato se estableza de modo expreso a súa esixencia, os licitadores ou candidatos estarán exentos da obriga de acreditar a solvencia económica ou financeira e a solvencia técnica e profesional, para os contratos de obras cuxo valor estimado non exceda de 80.000 euros e para os contratos de obras dos demais tipos cuxo valor estimado non exceda de 35.000 euros” non se esixe acreditación da solvencia económico-financiera nin técnico- profesional.

CLÁUSULA 12ª. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Mondariz, rúa Merouces número 16, en horario de 9 a 14 hs, de luns a venres dentro do prazo de 15 DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia. Se o último día de prazo fora inhábil, este entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

As ofertas poderán presentarse nas oficinas de correos na forma regulamentariamente establecida consonte ao artigo 16.4.b) da LPACAP (Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax (986 65 60 06) ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama



realizárase mediante unha dilixencia redactada o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta . Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas deste prego.

As proposicións serán secretas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse a apertura en público das mesmas.

CLÁUSULA 13ª. MESA DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación integrada polos seguintes compoñentes:

- O Presidente, que será un funcionario/a ao servizo da Corporación designado polo órgano de contratación.
- Vogais: o Secretario, o Interventor e unha persoa designada polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou o persoal laboral ao servizo da Corporación.
- O Secretario/a : actuará como secretario un funcionario da Corporación.

As súas reunións poderán incorporarse os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, os cales actuarán con voz pero sen voto, consonte ao previsto no artigo 21.5 do Real Decreto 817/2009 que aproba o desenvolvemento parcial da Lei de Contratos do Sector Público.



CLÁUSULA 14ª. OBRAS, CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS E MOBILIARIO

Realizaranse melloras para lograr a convivencia e fusión, entre a entrada principal do Centro Social e a zona do bar-cafetería, que compartan un mesmo andar do edificio pero con dúas entradas independentes ao exterior e cunha comunicación interior complicada a través dun corredor con dúas portas, onde están situados os baños.

A mellora estética recollida no Anexo II axudará ao mellor funcionamento de ámbolos dous espazos, onde os usuarios habituais e os novos, encontren un lugar atractivo con dúas áreas diferenciadas pero relacionadas entre si.

O contratista realizará as melloras obrigatorias para a entrada ao bar-cafetería dende o Centro Social, a saber, as establecidas no Anexo II, (1.- ZONA ENTRADA PRINCIPAL DO CENTRO SOCIAL), e as melloras ofertadas no proceso de licitación, (Anexo II 2.- ZONA BAR CAFETERÍA DO CENTRO SOCIAL), estas optativas e puntuables, segundo o establecido na cláusulas 16 do prego, antes da apertura do servizo. Descontarase das primeiras mensualidades a metade do custe de ambas melloras, tanto obrigatorias como optativas.

Serán a cargo do contratista calquera outras actuacións de mellora, conservación e adaptación que considere precisas para a adecuada explotación do servizo, estando obrigado a comunicalas previamente e solicitar, no seu caso, as correspondentes licenzas municipais, someténdose, en todo caso, ás directrices que sinale o Concello.

O bar-cafetería atópase dotado coas instalacións que se describen no Anexo III deste Prego. Así mesmo, o contratista deberá dotar ao local dos elementos e mobiliario necesarios para a explotación do servizo. Sempre que estes elementos aportados polo contratista non se incorporen permanentemente no local, entenderase que a súa aportación será unicamente polo tempo de duración do contrato e, unha vez finalizada a súa vixencia, poderán ser retirados polo contratista.



O contratista deberá facer bo uso das instalacións, substituíndo ou reparando os elementos que se deterioreen polo uso das mesmas.

CLÁUSULA 15ª. FORMA DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

As proposicións para participar na licitación presentaranse en tres sobres pechados, asinados polos candidatos e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta para licitar a contratación da xestión do servizo público do BAR-CAFETERÍA DO CENTRO SOCIAL DO CONCELLO DE MONDARIZ».

A denominación dos sobres é a seguinte:

- **Sobre Nº1 : “Documentación administrativa”**
- **Sobre Nº 2 : “Criterios de adxudicación”**
- **Sobre Nº 3 : “ Proposición económica “**

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme a lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada dos mesmos :

SOBRE Nº1.- Subtitulado “DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA” no que se introducirán os seguintes documentos:

1. Os documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Os documentos que acrediten a representación.

- Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro presentarán unha copia notarial do poder de representación, cuxa suficiencia será verificada polo secretario da corporación.
- Se o candidato é unha persoa xurídica, este poder deberá estar



- inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.
- Do mesmo xeito, a persoa co poder verificado para os efectos de representación deberá achegar unha fotocopia compulsada administrativamente ou un testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Unha declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición de contratar das recollidas no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta.

SOBRE Nº2: denominado “CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN”

Deberá aportar documentación xustificativa para valorar os criterios que serven de base para a adxudicación, de acordo coa cláusula 16ª deste prego.

SOBRE Nº3: denominado “PROPOSICIÓN ECONÓMICA”

Conterá a oferta económica segundo modelo que se achega no Anexo I do presente prego.

CLÁUSULA 16ª. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a avaliación das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios obxectivos de adxudicación, directamente vinculados coa prestación obxecto do contrato:



16.1- OFERTA ECONÓMICA : (Máximo 42 puntos)

A valoración da oferta económica efectuarase asignando a máxima puntuación á oferta máis alta. O resto das ofertas puntuaranse proporcionalmente con respecto á mesma, aplicando a seguinte regra :

$P = (\text{Canon da oferta a valorar} \times PM) / \text{Canon da oferta máis alta}$

P= Puntos da oferta a valorar.

PM=Puntuación máxima asignada á oferta económica en cada licitación.

16.2- SERVICIOS A PRESTAR : (Máximo 28 puntos)

- **PRODUTOS** : Produtos á venda ou que van ser empregados para a súa transformación e a súa procedencia dándosele maior puntuación aos produtos locais ou de proximidade, ecolóxicos, artesanais, (Máximo 14 puntos)
- **SERVIZOS** : Servizos que se van a prestar como : transformación de produtos en fresco, montados, pulgas, pinchos, tapas, menús, menús infantís, bocadillos, sandwiches, comida para levar, entrega a domicilio ou calquera outro que redunde na comodidade do consumidor (Máximo 14 puntos)

16.3- FORMACIÓN NO GREMIO DA HOSTALERÍA : (Máximo 10 puntos)

- Cursos ou titulacións impartidas por organismos oficiais, de :
 - o 25 a 50 horas :2 puntos
 - o 50 a 75 horas : 3 puntos
 - o máis de 75 horas : 4 puntos



- Cursos ou titulacións non oficiais, de :
 - o 25 a 50 horas : 1 punto
 - o máis de 50 horas : 2 puntos

16.4- INVESTIMENTOS EN MELLORAS DO BAR-CAFETERÍA : (Máximo 10 puntos)

Investimentos que se realizarán en melloras do bar-cafetería segundo o Anexo II (2.- ZONA BAR CAFETERÍA DO CENTRO SOCIAL.) Valorarase segundo a seguinte táboa :

- Porta cristal e madeira : 5´50 puntos.
- Pintado do bar-cafetería : 1´50 puntos.
- Luminarias : 1 punto.
- Tapizado dos taburetes : 1 punto.
- Tapizado do frontal da barra : 0´50 puntos.
- Decoración : 0´50 puntos.

16.5- INVESTIMENTOS EN MELLORAS DA TERRAZA : (Máximo 8 puntos)

Investimentos que se realizarán en obras de mellora, mobiliario e instalacións da terraza. O proxecto contará co informe favorable dos servizos técnicos municipais e coa licenza correspondente.

Valorarase a calidade e o deseño do material necesario para o desenvolvemento da actividade.

A prestación do servizo de terraza exterior estará sometida ás normas municipais que regulan este tipo de actividades.

16.6- CREACIÓN DE EMPREGO : (Máximo 2 puntos)

Persoal que vai a empregar no desenvolvemento da actividade.

Terán preferencia na adxudicación do contrato as ofertas presentadas por empresas que conte cun número de persoas traballadoras con



discapacidade superior ao 2%, sempre que ditas proposicións igualen nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios que serven de base á adxudicación.

CLÁUSULA 17ª. EXAMEN DAS OFERTAS

O acto licitatorio desenvolverase, de conformidade co disposto nos artigos 81 a 84 do RXLCAP, nos termos seguintes:

Dentro dos dous días hábiles seguintes, a aquel no que finalice o prazo de presentación de proposicións constituirase a Mesa de contratación para a cualificación, en acto privado, dos documentos presentados en tempo e forma no sobre número 1, formalizándose a acta correspondente. Se non existisen deficiencias que emendar, a apertura do sobre número 2, efectuarase o mesmo día en acto público, acordándose a súa remisión a informe técnico de avaliación.

Se a mesa de contratación observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarao verbalmente ou mediante fax aos interesados e concederase un prazo non superior a dous días hábiles para a corrección ou rectificación dos defectos ou omisións ante a mesa de contratación.

Posteriormente, unha vez efectuada a valoración das ofertas técnicas, realizarase, en sesión pública, pola Mesa a apertura das ofertas económicas (Sobre 3).

En todo caso, a data, lugar e hora das sesións públicas da mesa de contratación publicaranse no taboleiro de anuncios deste Concello con unha antelación mínima de dous días hábiles ao sinalado para a súa celebración.

CLÁUSULA 18ª. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

A mesa de contratación, previa solicitude e análise, no seu caso, dos informes técnicos ou xurídicos, que estime pertinentes relacionados co obxecto do contrato, presentará as proposicións coa acta correspondente e



a proposta que estime pertinente o órgano de contratación para a adxudicación do contrato.

A proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación non crea dereito algún en favor do licitador proposto fronte a Administración. Poren, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola mesa deberá motivar a súa decisión.

Non poderá declararse deserto o expediente cando exista algunha oferta admisible (artigo 151.3 do TRLCSP).

CLÁUSULA 19ª. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN

Vista a proposta da mesa, o órgano de contratación requirirá ao licitador elixido, para que dentro dos dez días hábiles seguintes ao da recepción de dito requirimento aporte a documentación requirida polo Concello.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias que se relacionan acreditará tal circunstancia mediante declaración responsable.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

CLÁUSULA 20ª. ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 3 días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refire o artigo precedente. Ao documento administrativo de formalización do contrato, unirase un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e, de habelo, do de prescricións técnicas.

O Concello, asinado o contrato, porá o local a disposición do



concesionario.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adxudicación, que deberá ser motivada, notificaráselles aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que lle permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular, expresará os seguintes aspectos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas cales non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.
- Na notificación e no taboleiro do Concello indicárase o prazo en que debe procederse á formalización.

CLÁUSULA 21ª. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo farase dentro dos cinco días hábiles seguintes á data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura



pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

CLÁUSULA 22ª. EXTINCIÓN DO CONTRATO

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 308 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, indemnizará ao Concello polos danos e perdas orixinados.

Serán causas de extinción do contrato as seguintes :

- 1.** Transcurso do prazo establecido, que dará lugar á reversión, sen indemnización algunha e a devolución da garantía definitiva, nos termos establecidos neste prego.
O contratista ven obrigado a continuar na prestación do servizo despois de rematado o prazo da concesión, si así o acorda o órgano de contratación ata tanto se realice a nova licitación, outorgamento da mesma ou se resolva prestalo servizo mediante outro sistema ou forma de xestión. Dita prórroga non poderá ser superior a seis meses e durante ela rexerán as mesmas normas que rexeron durante o prazo de concesión.
- 2.** No caso de que o adxudicatario infrinxa as condicións establecidas polas disposicións legais ou regulamentarias, especialmente pola lexislación relativa á defensa do consumidor ou por incumprimento das obrigas establecidas no presente prego.
- 3.** Retrasos ou falta de pagamento do canon establecido a favor do Concello.
- 4.** Disolución ou quebra da sociedade contratista, sen que exista dereito a indemnización.
- 5.** Destrución das instalacións, xa sexa total ou parcial, neste caso en máis dun 50% do seu valor, sen que de lugar a indemnización algunha en favor do concesionario.



Concello de Mondariz

6. Cesión, transferencia ou novación da concesión sen autorización do órgano de contratación.
7. Suspensión da prestación do servizo sen causa xustificada suficiente.
8. Dedicación dos locais e material a usos distintos dos especificamente sinalados neste prego.
9. Non atender coa debida dilixencia e coidado a conservación do establecemento e a prestación do servizo, ou non cumprir as instrucións ditadas polo Concello sobre os mesmos.
10. Incumprimento das normas de sanidade, consumo, e da normativa laboral e de seguridade social vixentes en cada momento.
11. A falta de consideración ou decoro do persoal encargado da prestación do servizo para cos usuarios, persoal do Concello, e veciños en xeral.
12. Impedir ou obstaculizar as labores de inspección levadas a cabo polos técnicos e persoal do Concello de Mondariz.
13. A falta de conservación adecuada considerárase causa suficiente para a extinción do contrato.
14. Polo incumprimento polo contratista ou polo Concello de Mondariz de calquera das obrigas previstas no presente prego así como por calquera outra causa prevista legal ou regulamentariamente.
15. Mutuo acordo entre a Administración e o adxudicatario, fixándose a indemnización a aboar, se procedera.
16. En caso de renuncia do contratista, este estará obrigado a comunicarlle ao Concello cunha antelación mínima de tres meses.

CLÁUSULA 23ª. REVERSIÓN

Finalizado o prazo de adxudicación do servizo reverterán a favor do Concello as instalacións e mobiliario postos a disposición do adxudicatario, así como tamén as instalacións fixas que se tiveran establecido por este último, fixándose en TRES MESES o prazo prudencial anterior á reversión, para que o Concello poida adoptar as disposicións encamiñadas a verificar



que a entrega dos bens anteriormente citados estean nas adecuadas condicións. Finalizado o prazo de adxudicación, o seu titular virá obrigado a abandonar e deixar libre e a disposición do Concello o local obxecto do contrato quedando expresamente recoñecida a potestade do Concello para acordar e executar por si o lanzamento, se o desaloxo non se producira voluntariamente. Así mesmo ao finalizar o prazo da adxudicación do servizo, o adxudicatario deberá deixar o local e as súas instalacións en perfecto estado de uso e conservación, quedando obrigado, no seu caso, a aboar ao Concello os danos e prexuízos que eles orixinasen.

CLÁUSULA 24ª. OBRIGACIÓNS DO ADXUDICATARIO

Ademais das obrigacións xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigacións específicas do contratista as seguintes :

De carácter xeral :

1. Formalizar o contrato, no prazo sinalado no acordo de adxudicación.
2. Realizar directamente a explotación do servizo, non podendo subrogar, subarrendar, ceder ou traspasar, directa ou indirectamente a explotación.
3. Destinar as dependencias, obxecto do contrato, ao uso específico do servizo de bar-cafetería sen aplicalas a outros usos. Neste sentido, o contratista non poderá enaxenar nin gravar sen autorización bens e instalacións que deban reverter ao Concello cando remate o contrato.
4. O servizo de bar-cafetería deberá comezar a funcionar no prazo máximo de CORENTA E CINCO DÍAS (45 días) contados a partir da data de notificación do acordo de adxudicación.
5. Cumprir o horario establecido. O horario de atención deberá prestarse de luns a domingo de 08:00 hs a 22:00 hs. En todo caso, o adxudicatario se o estima preciso, poderá pechar os luns por descanso previa comunicación e permiso do Concello.
Facúltase ao concesionario a estender o seu horario de prestación de servizos en ben da Comunidade, se así o estima, previo acordo co Concello.



Concello de Mondariz

- En caso de eventos propios do Centro Cultural, o bar-cafetería deberá estar aberta antes, durante e unha vez rematada a actividade, en acordo co Concello.
6. Os días de apertura do Centro Social deberá abrir e pechar a porta principal e do resto das dependencias, cando resulte necesario, con motivo da realización de actividades tanto de carácter puntual como periódicas; tales como cursos, reunións, coloquios, concertos ou similares, segundo as ordes ou instrucións que se diten dende o Concello.
 7. Manter en perfecto estado de conservación, hixiene e limpeza as dependencias, servizos e instalacións do bar-cafetería, coidándoo todo co máximo decoro e estética, efectuando pola súa conta as substitucións e a execución das obras de conservación e mantemento necesarias dos elementos que se deterioren polo uso das mesmas, respondendo incluso das deterioracións producidas polos usuarios e a devolvelos no mesmo estado no que os recibiu, ao rematar o contrato.
 8. Ademais dos traballos de limpeza dos baños do bar-cafetería deberá proveelos de papel hixiénico e xabón correspondente. O acceso aos baños do bar-cafetería será público e gratuíto, tanto para clientes do bar-cafetería como para o público en xeral.
 9. A extracción de lixo e desperdicios producidos polo bar-cafetería, será responsabilidade do concesionario trasladala ata o lugar habilitado para estes efectos.
 10. Aboar o canon na forma prevista nos presentes pregos e o que resulte da oferta presentada conforme aos criterios de adxudicación previstos neste prego.
 11. O adxudicatario está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en relación coa actividade desenvolvida. O adxudicatario deberá pagar as contribucións, taxas e impostos que se deriven das actividades a realizar.
 12. Deberá tamén aboar os gastos por consumo eléctrico, lixo, sumidoiros e auga derivados do servizo, correndo por conta do concesionario de ser necesario tanto a alta nos padróns municipais como a instalación dos contadores correspondentes.



Concello de Mondariz

13. Serán de conta do contratista tódalas obrigas de orde económico, financeiro e fiscal que poidan derivarse do servizo contratado, especialmente no referente aos seus provedores.
14. O adxudicatario deberá subscribir cunha entidade aseguradora unha póliza de seguro que cubra os riscos de incendio e de todo tipo de danos as instalacións e bens municipais. Así mesmo, deberá subscribir unha póliza que cubra a responsabilidade civil en relación aos bens municipais e de terceiros que poidan ser afectados pola actividade do bar-cafetería. O adxudicatario será responsable dos danos e prexuízos que se produzan a terceiros, como consecuencia do exercicio da actividade, sendo do seu cargo o pago das indemnizacións que por elo se deriven, así coma o abono das primas de seguros que se puideran concertar para cubrir tales riscos.
15. No local non poderán instalarse máquinas de xogo de azar, nin de apostas deportivas, nin de tabaco.
16. O adxudicatario non poderá modificar a estética do local (pintura, decoración, ...) sen a conformidade do Concello. Así mesmo, calquera cambio de mobiliario dentro do período de vixencia do contrato deberá ser aprobado polo Concello.
17. En canto á apertura e explotación do establecemento, o adxudicatario deberá aterse ás disposicións vixentes para este tipo de actividade, solicitando os correspondentes permisos, licenzas e autorizacións.
18. Prestar o servizo con precisión e regularidade, atendendo coa máxima dilixencia, debendo gardar a máxima corrección co público usuario e tratando de evitar calquera clase de reclamacións.
19. Instalar o mobiliario e equipamento do bar-cafetería sendo preceptivo a aprobación da instalación polo Concello.
20. Permitir cantas inspeccións do material e locais, así como do propio servizo, considérense oportunas polo Concello.
21. Ter exposta ao público, manter e conservar en lugar visible a relación das tarifas cos prezos ao público das diversas clases de artigos que se vendan ou servizos que se presten.
22. Ter exposto en lugar visible os días e horario de funcionamento, previamente pactados co Concello.
23. Ter exposto en lugar visible cartel indicativo de prohibido fumar.



24. Ter exposto en lugar visible a prohibición de vender bebidas alcohólicas a menores de idade.
25. Ter a disposición dos usuarios follas de reclamacións, que no caso de que sexan utilizadas por calquera usuario deberá, no prazo de 24 horas, remitirse unha copia da queixa presentada, ao Alcalde do Concello.
26. O adxudicatario non poderá facer uso do “dereito de reserva de admisión” menos nos supostos de alteración do orde público.
27. Será de responsabilidade do concesionario utilizar materias primas e marcas de calidade nos alimentos a preparar. Tamén que os procesos de preparación e sanitización estean de acordo coas Normas do Regulamento sanitario de Alimentos, vixentes no país.
28. En relación co pactado, o descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole promulgados polo Concello, ou por outras Administracións, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.
29. Todas aquelas que deriven do presente prego e / ou da normativa que dalgún xeito resulte de aplicación ao servizo que se pretende prestar.

Con respecto ao persoal :

1. Non existe unha cantidade mínima de persoal esixido, o adxudicatario só debe procurar manter o bar-cafetería en constante funcionamento durante os días e horarios estipulados neste prego e no contrato.
2. O adxudicatario prestará o servizo co seu propio persoal. Dito persoal non terá relación laboral algunha co Concello de Mondariz, dependerá única e exclusivamente do adxudicatario, o cal terá todos os dereitos e obrigas inherentes a súa calidade de patrón respecto ao citado persoal con arranxo á lexislación laboral e social actualmente vixente, o que no sucesivo poida promulgarse, sen que en ningún caso resulte responsable o Concello das obrigas existentes entre eles.
3. Contratación do persoal para a adecuada explotación do servizo, sendo por conta e cargo do adxudicatario o aboamento de salarios, cotas sociais, mutualidades laborais e demais obrigas respecto ao persoal que contrate, que en ningún caso terá relación laboral co Concello.



Concello de Mondariz

4. Cumprir a normativa laboral e de seguridade social vixente respecto dos seus traballadores.
5. O adxudicatario dotará ao seu persoal de todos os medios de seguridade necesarios, obrigándose a cumprir co mesmo toda a normativa vixente sobre Prevención de Riscos Laborais.
6. Presentar antes da prestación obxecto da licitación :
 - a. a avaliación de riscos dos postos de traballo
 - b. a planificación da actividade preventiva
 - c. a relación do persoal que prestará os seus servizos coa documentación relativa á :
 - i. formación, información dos riscos e aptitude médica
 - ii. os TC2 vixentes ou, no seu caso, documentos de alta na seguridade social.
 - iii. no seu caso, a capacitación profesional do persoal, a relación de equipos de traballo (coa súa conformidade á lexislación vixente)
 - d. Produtos químicos que utilizará (coas correspondentes fichas de seguridade).
 - e. Acreditación de entrega de equipos de protección individual aos traballadores.
7. O adxudicatario queda obrigado a que todo o persoal que empregue nos traballos obxecto desta concesión estean dados de alta en la Seguridade Social.
8. En ningún caso ao Concello resultará responsable das obrigas do adxudicatario cos seus traballadores, aínda cando os despidos e medidas que se adopten sexan consecuencia directa ou indirecta do incumprimento ou interpretación do contrato establecido.
9. Todos os gastos de carácter social e os referidos a tributos do referido persoal serán por conta do adxudicatario.
10. Todo o persoal que preste o seu servizo nos locais do bar-cafetería deberá posuír o carné de manipulador de alimentos.
11. O adxudicatario será responsable de que os traballadores ao seu cargo cumpran as regras xerais de disciplina, bo comportamento, aseo e horario de traballo. Os traballadores tratarán ao público con corrección e vestirán adecuadamente durante a prestación do servizo.
12. Cando o Concello teña oficialmente a Bolsa de Emprego Municipal, e o adxudicatario precise contratar persoal para o servizo do bar-cafetería,



Concello de Mondariz

queda a súa disposición a Bolsa de Emprego Municipal para que se así o estima oportuno poida realizar a contratación a través da mesma.

CLÁUSULA 25ª. DEREITOS DO ADXUDICATARIO

O adxudicatario, ademais do establecido nas Leis en xeral, terá dereito :

1. Xestionar directamente a explotación do servizo obxecto da adxudicación.
2. Recibir os beneficios fiscais que prevexan as normas correspondentes que resulten de aplicación.
3. Propoñer todas as modificacións construtivas que considere indispensables para o bo funcionamento do servizo, sen prexuízo de que a facultade de aprobación das mesmas corresponda ao Concello.
4. Percibir directamente dos usuarios do servizo o importe dos servizos prestados, segundo as tarifas vixentes.
5. Percibir, no caso de que así proceda, a indemnización pola resolución do contrato.
6. Recibir do Concello o apoio e protección necesarios nas súas relacións con terceiros, á fin de garantir a correcta e normal prestación do servizo e de facer cesar posibles perturbacións que poidan obstaculizalo seu desempeño.
7. As demais que lle atribúen o presente prego e a normativa vixente.

CLÁUSULA 26ª. OBRIGAS DA ADMINISTRACIÓN

1. Outorgar ao adxudicatario a protección adecuada para que poida prestar o servizo debidamente.
2. Indemnizar ao adxudicatario polos danos e prexuízos que se lle ocasionen debido á asunción directa da xestión do servizo, se esta se producira por motivos de interese público.

CLÁUSULA 27ª. DEREITOS DA ADMINISTRACIÓN



1. Fiscalizar a xestión do adxudicatario, a cuxo efecto poderá inspeccionar o servizo, as súas instalacións e dependencias e ditar as ordes para manter ou restablecer a debida prestación.
2. Impoñer ao adxudicatario as correccións pertinentes ou multas por razón do incumprimento das súas obrigas.
3. Suprimir o servizo.
4. Outorgar ou denegar a autorización respecto da relación de tarifas do servizo, así como das súas modificacións e variacións.
5. Ordenar discrecionalmente as modificacións que, en función do interese público sexan aconsellables, sobre os horarios, prezos, ...
6. O Concello poderá resolver o contrato no suposto de que o concesionario incumpra as obrigas que se derivan, o que comportará que este xa non poderá facer uso das instalacións, obxecto deste contrato, sen dereito a tipo de indemnización.

CLÁUSULA 28ª. INFRACCIÓN

As infraccións nas que poida incurrir o adxudicatario no cumprimento do obxecto do contrato cualificaranse de leves, graves e moi graves.

SERÁN INFRACCIÓN LEVES :

1. A falta de limpeza das instalacións.
2. A falta de aseo do persoal ao servizo do adxudicatario.
3. A interrupción ou imperfección na prestación do servizo.
4. O incumprimento do horario establecido.
5. Incorrección do trato entre o persoal que presta o servizo e os usuarios do mesmo.
6. A non prestación do servizo, salvo imposibilidade absoluta de facelo debido a causas non imputables ao adxudicatario.
7. Outros incumprimentos de normas específicas previstas nos pregos e que non constitúan infracción doutra natureza.

SERÁN INFRACCIÓN GRAVES :

1. A acumulación de dúas faltas leves.
2. As desfeitas causadas no inmovible imputables ao adxudicatario, por culpa directa ou negligencia no uso das instalacións por parte dos usuarios.



Concello de Mondariz

3. A inobservancia da normativa sanitaria ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen riscos para a saúde.
4. A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto dese contrato imputable ao concesionario, ata un máximo de 48 horas, salvo nos supostos non imputables ao contratista.
5. A falta de pago do canon conforme ás condicións incluídas na oferta cun retraso de máis de dous meses consecutivos sobre as condicións ofertadas e sen prexuízo do seu cobro pola vía executiva.
6. A falta de pago durante o período voluntario dos tributos municipais que gravan a actividade.
7. O deficiente mantemento dos bens obxecto do contrato.
8. A non realización ou o abandono da actividade de bar-cafetería durante un período non superior a unha semana.

SERÁN INFRACCIÓNS MOI GRAVES :

1. A acumulación de dúas faltas graves no prazo dun ano.
2. A reiteración da situación que ocasionou a infracción sen enmendala.
3. A cesión, subarrendo ou traspaso, en todo ou en parte, do servizo contratado, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do órgano competente.
4. O incumprimento dos deberes laborais, de seguridade social e saúde laboral, sempre que revistan carácter esencial.
5. A falta de pago do canon conforme ás condicións incluídas na oferta cun retraso de máis de tres meses consecutivos sobre as condicións ofertadas e sen prexuízo do seu cobro pola vía executiva.
6. A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto do contrato, por un prazo que exceda de 48 horas, salvo nos supostos non imputables ao contratista.
7. A non realización das ofertas realizadas polo adxudicatario que foron motivo de puntuación.

CLÁUSULA 29ª. SANCIONES

As sancions, sen prexuízo das demais responsabilidades a que houbera



lugar, imporanse cando o concesionario incorra ou permita algunha das faltas leves, graves ou moi graves mencionadas.

As infraccións en que incorra o contratista serán sancionados de conformidade co disposto no presente prego e no seu caso, no artigo 212 do TRLCSP.

FALTAS LEVES :

Advertencia e amoestación cando sexa a primeira vez, e sanción económica de 50 € a 99€ as consecutivas.

FALTAS GRAVES :

1. Se consistiran en deixar de prestar un servizo obrigatorio ou produzan un dano avaliabile economicamente : multa do dobre do servizo deixado de prestar ou do dano producido.
2. Se non foran avaliabes economicamente : multas de 100 € a 299 €.

FALTAS MOI GRAVES :

1. Se consistiran en deixar de prestar un servizo obrigatorio ou produzan un dano avaliabile economicamente : multa do triplo do servizo deixado de prestar ou do dano producido.
2. Se non foran avaliabes economicamente : multas de 300 € a 999 € podendo dar lugar á resolución do contrato nos casos previstos pola lexislación aplicable.
3. A revogación do contrato sen dereito a ningún tipo de indemnización.

Pola realización de tres infraccións moi graves : rescisión do contrato, incautación da garantía e indemnización por danos e prexuízos.

CLÁUSULA 30ª. PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

1. A imposición de sancións realizarase por acordo do órgano competente en materia de contratación, a través do oportuno procedemento sancionador contradictorio.



2. A imposición de sancións realizarase por acordo do órgano de contratación, previa incoación do expediente administrativo.
3. No suposto de faltas leves, bastará Decreto de Alcaldía, sen necesidade de iniciar procedemento sancionador.
4. En todo caso, darase audiencia ao contratista e, no seu caso, a entidade avalista, por un prazo mínimo de 10 días, para que poidan alegar os descargos que conveñan a súa defensa, observándose as garantías xurídico-administrativas prescritas na lexislación vixente e, concretamente, na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
5. A resolución do expediente faraa o órgano que teña atribuída a competencia respecto do tipo de falta de que se trate.
6. Con independencia da sanción correspondente, a empresa adxudicataria indemnizará ao Concello pola falta total, deficiente ou incompleta prestación do servizo por parte de aquel e sempre que ditos feitos ocasionen un prexuízo ao Concello en suplir esta o traballo do adxudicatario por medios propios ou alleos.

CLÁUSULA 31ª. PAGAMENTO DE TAXAS E ANUNCIOS

Serán de conta do adxudicatario os gastos de inserción de anuncios, tanto en diarios oficiais como na prensa.

Igualmente, os licitadores non estarán eximidos do pago das taxas e prezos públicos relativos á expedición de documentos, compulsas, fotocopias, certificados, formalización de contratos, e demais comprendidas nas distintas ordenanzas vixentes no Concello de Mondariz.

CLÁUSULA 32ª. XURISDICIÓN COMPETENTE

As cuestións litixiosas que se deriven do contrato entenderanse sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, non obstante o cal, as partes poden acordar o sometemento dos seus litixios a arbitraje, conforme ao establecido na lexislación vixente.



Concello de Mondariz

DILIXENCIA: para facer constar que o presente prego foi aprobado por Resolución da Alcaldía de data 20 de xuño de 2017.

En Mondariz á data que figura á marxe.

O secretario

